

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AXENCIAS DE VIAJES DE PONTEVEDRA (AVIPO) PARA A CREACIÓN DE NOVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Provincial de Axencias de Viaxes de Pontevedra (AVIPO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e AVIPO para a creación de produtos turísticos con motivo do Xacobeo 2021 e a súa promoción e divulgación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.





Segundo.- Que a Asociación Provincial de Axencias de Viaxes de Pontevedra (AVIPO), situada en Vigo, foi creada en 1983, inicialmente por un grupo de 7 Axencias de Viaxes que contaban con oficinas centrais na provincia de Pontevedra. Refundada en 1992, AVIPO é membro de CEAV (Confederación Española de Axencias de Viaxes) desde a súa fundación en 2006, estando así en todo momento en continuo contacto con diferentes asociacións e Federacións de todo o territorio nacional. Na actualidade, conta entre os seus asociados con diferentes axencias de viaxes tanto almacenistas como minoritas, axencias receptivas de Galicia, axencias especializadas en Mice e axencias de viaxes emisoras.

Terceiro.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Con respecto á creación de novos produtos turísticos, inclúese o acordo de colaboración para a promoción de destino e o impulso de novos produtos turísticos con motivo do Xacobeo 2021.

Cuarto.- Que no citado contexto, o obxecto do presente convenio pretende reforzar a promoción de Galicia asociada ao Xacobeo 2021, así como a creación de novos produtos que





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Turismo de Galicia



reactiven a actividade turística, a través da **creación de produtos turísticos e a súa promoción e divulgación**. Cada produto levará logo X21 e será visibilizado, promocionado e vendido a través das canles comerciais de cada turoperador no mercado nacional e internacional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema



Xacobeo 2021

